

**CONVOCATORIA DE ADMISIÓN E MATRÍCULA
NO “PROGRAMA FORMATIVO ESPECÍFICO EN “ACTUALIDADE,
CIENCIA,
SAÚDE E VIDA” DA UNIVERSIDADE SÉNIOR
DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

CURSO ACADÉMICO 2020/2021

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==		



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

REPROGRAMACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021

Programa Formativo Específico en Actualidade, Ciencia, Saúde e Vida.

1. Accións do profesorado 4
2. Xestión e administración da Universidade Sénior4
3. Calendario de actividades 5

NORMATIVA DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

ARTIGO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Ámbito de aplicación..... 5
2. Procedementos administrativos e académicos..... 5

ARTIGO 2: REQUISITOS XERAIS DE ACCESO PARA O ALUMNADO DE NOVA MATRÍCULA 5

ARTIGO 3: SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA O ALUMNADO DE NOVA MATRÍCULA E CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

1. Prazos e lugar de presentación de solicitudes..... 6
2. Adjudicación de prazos.....6
3. Dereito á praza concedida.....6

ARTIGO 4: MATRÍCULA

1. Procedemento, requisitos, limitacións e documentación.....6
2. Normas administrativas 7
 - 2.1. Anulación da matrícula7
 - 2.2. Devolucións7
 - 2.3. Liquidación da matrícula8
3. Prezo da matrícula.....7

ANEXO I 8

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43	
Observacións		Páxina	2/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==			

CONVOCATORIA DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NO PROGRAMA FORMATIVO ESPECÍFICO EN ACTUALIDADE, CIENCIA, SAÚDE E VIDA DA UNIVERSIDADE SÉNIOR, CURSO ACADÉMICO 2020/2021



RESÓLVASE publicar a convocatoria de admisión e matrícula no Programa Formativo Específico en Actualidade, Ciencia, Saúde e Vida da Universidade Sénior para o curso 2020/2021.

INTRODUCCIÓN

A suspensión das clases presenciais na Universidade española, derivada da COVID-19, afecta á metodoloxía docente nas aulas nos próximos meses. Ante as recentes medidas de confinamento (Real decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, BOE 29/03/2020) non se coñecen as datas exactas nin predicibles do retorno ás aulas.

Nesta convocatoria expóñense diversas opcións ao noso alcance para afrontar esta situación excepcional. O obxectivo fundamental é que se resolva da mellor maneira posible a docencia do Programa para Maiores da Universidade Sénior, no marco deste novo escenario.

Isto será de grande utilidade para poder convivir, previsiblemente ao comezo do curso académico 2020/2021, cun escenario virtual forzoso, presumiblemente entre os meses de outubro-décembro, e unha docencia semipresencial que podería verse renovada a partir do mes de xaneiro de 2021.

Non podemos obviar que estamos nunha situación de excepcionalidade onde o escenario que o alumnado ten nos seus fogares con toda probabilidade non é o máis idóneo para o seguimento da docencia, tendo en conta os problemas de conectividade ou de dispoñibilidade de recursos informáticos.

Sen esquecer a dificultade que ten para o profesorado facer unha reformulación da metodoloxía docente, o noso deber, polo tanto, é ante todo mostrar empatía e facilitar o seguimento das materias cos medios e instrumentos que teñamos ao noso alcance. Tendo en conta os avances sobre medidas extraordinarias da UDC previstas para adaptar as actividades académicas da universidade á suspensión temporal da actividade docente, é necesario recoller nesta convocatoria as medidas que permitan ao alumnado da Universidade Sénior o seguimento e aproveitamento das actividades docentes, nestes dous escenarios: presencial e non presencial.

REPROGRAMACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021

Programa Formativo Específico en Actualidade, Ciencia, Saúde e Vida

Ante este novo escenario, faise preciso a reprogramación do vindeiro curso académico 2020/2021, e do mesmo xeito que coas distintas fases da desescalada, o noso obxectivo é acadar unha nova normalidade en que desenvolver as nosas actividades, pero coa prioridade absoluta e permanente de salvagardar a saúde da comunidade universitaria.

3

Convocatoria de admisión e matrícula no Programa Formativo Específico en Actualidade, Ciencia, Saúde e Vida da Universidade Sénior

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==		



Conscientes de que a presencialidade é un elemento clave para o noso alumnado, pero sen obviar que, dentro do conxunto da comunidade universitaria, é un grupo especialmente sensible, e ante a posibilidade de non ter opción de incorporación á docencia presencial de forma continua ao longo do curso, decidiuse reprogramar a formación da Universidade Sénior, de xeito conxuntural, ata o curso 2021/2022.

No próximo curso 2020/2021 **ofertarase un programa de formación específico, semipresencial, para todo o alumnado** (de nova matrícula e de continuación), **combinando sesións de teleformación en remoto a través das ferramentas institucionais (Moodle e Teams) e sesións presenciais na aula a través de conferencias ou obradoiros**, sempre en función das condicións sanitarias con que convivamos en cada momento.

1. Accións do profesorado

Co fin de asegurar a **docencia non presencial** impartida, o profesorado da UDC e a Universidade Sénior nas súas dúas sedes acreditarán o cumprimento das seguintes accións, relacionadas coa programación da actividade docente para o curso académico 2020/2021:

- **Empregar unha metodoloxía con contidos adaptados ao medio virtual** a través das ferramentas de teleensino (Teams e Moodle)
- **Transformar, na medida do posible, os materiais pensados para a aula presencial en materiais autoexplicativos**, que permitan ao alumnado a súa comprensión.
- **Subministrar ao alumnado materiais, ferramentas e orientacións para o seguimento da docencia**, sempre adaptándose ao perfil do noso alumnado e á heteroxeneidade de medios técnicos dos que podan dispoñer. Está prevista a organización do alumnado en grupos reducidos para o vindeiro mes de xuño, nas ferramentas de teleensino (Teams e Moodle).
- **Manter, na medida do posible, abertas canles de comunicación directa co alumnado** (información pormenorizada dos cambios).
- **Toda a documentación** (textos, audiovisuais, presentacións...) empregada para desenvolver os contidos da materia debe ser facilitada ao alumnado **en formatos dixitais accesibles a través das ferramentas institucionais**.

2. Xestión e administración da Universidade Sénior

A Universidade Sénior procurará:

- **Potenciar os mecanismos de coordinación horizontal e vertical** para asegurar que a reprogramación do ensino se fai de maneira harmónica e supervisada dentro de cada materia.
- **Potenciar o contacto co alumnado** a través do correo electrónico, espazo web e redes sociais, co fin de garantir o acompañamento do estudiantado en todo o proceso de ensino-aprendizaxe en remoto e minimizar o risco de abandono.
- **Supervisar e aprobar as modificacións das distintas materias do novo programa formativo**.

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==		



3. Calendario de actividades

TITULACIÓN	DATAS
Programa Formativo Específico en Actualidade, Ciencia, Saúde e Vida Oferta xeral: nova matrícula e alumnado de continuación de estudos	Outubro 2020-xaneiro 2021 Primeiro cuadrimestre - o Docencia non presencial: Teams e Moodle - o Docencia presencial en grupos reducidos: ciclo de conferencias Febreiro-maio 2021 Segundo cuadrimestre - o Docencia non presencial: Teams e Moodle - o Docencia presencial en grupos reducidos: ciclo de conferencias e obradoiros

NORMATIVA DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

ARTIGO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Ámbito de aplicación

A presente normativa será de aplicación ao estudante que curse os estudos do **Programa Formativo Específico en Actualidade, Ciencia, Saúde e Vida da Universidade Sénior**, que a Universidade Sénior convoca para o curso académico 2020/2021 un máximo de:

- 400 prazas na sede da Coruña (50 prazas para o alumnado de nova matrícula e 350 para o alumnado de continuación)
- 200 prazas na sede de Ferrol (30 prazas para o alumnado de nova matrícula e 170 para o alumnado de continuación)

- Alumnado de nova matrícula:** a presente convocatoria abrangue a todo o alumnado de primeira matrícula nesta oferta formativa específica para o curso académico 2020/2021, e terá dereito a súa admisión no Programa Universitario para Maiores de 50 anos da Universidade Sénior para o curso 2021/2022, no caso de se convocar.
- Alumnado de continuación:** a presente convocatoria abrangue a todo o alumnado de continuación dos estudos na Universidade Sénior que, admitido en cursos anteriores, realice esta oferta formativa específica. Aqueles alumnos e alumnas que non desexen matricularse nesta nova oferta formativa poderán matricularse no curso que lles corresponda unha vez que se retome a formación no Programa Universitario para Maiores de 50 anos da Universidade Sénior para o curso 2021/2022, no caso de se convocar.

2. Procedementos administrativos e académicos

Os procedementos administrativos e académicos regulados na presente normativa, así como os prazos que lles afecten, serán determinados para este curso académico pola Comisión Académica da Universidade Sénior da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43	
Observacións		Páxina	5/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==			

ARTIGO 2. REQUISITOS XERAIS DE ACCESO PARA O ALUMNADO DE NOVA MATRÍCULA

Poderá solicitar a admisión no programa quen cumpra os seguintes requisitos:

- Idade igual ou superior a 50 anos** cumpridos a 31 de decembro do ano en curso.
- Atoparse nunha situación laboral non activa:** xubilación, prexubilación ou situación asimilada, desemprego ou sen actividade laboral remunerada, no momento da matrícula.

ARTIGO 3. SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA O ALUMNADO DE NOVA MATRÍCULA E CONTINUACIÓN DE ESTUDOS

Poderán solicitar a admisión no Programa as persoas que reúnan os requisitos de acceso.

1. Prazos e lugar de presentación de solicitudes

A Comisión Académica da Universidade Sénior aprobará os prazos para a presentación de solicitudes, que se farán públicos coa debida antelación na páxina web da Universidade Sénior. A admisión ao Programa obtense logo do proceso de preinscrición. A preinscrición e a matrícula realizaranse a través dos medios habilitados pola Universidade Sénior dentro dos prazos que se establezan (véxase o Anexo I).

2. Adxudicación de prazos

As prazos adxudicaranse, de ser necesario, mediante sorteo. A concesión farase pública por medio de listaxes oficiais na páxina web da Universidade Sénior. Coa súa publicación entenderase realizada a comunicación ás persoas interesadas.

3. Dereito á praza concedida

Unha vez concedida unha praza, o dereito do/a solicitante para ocupala finaliza ao termo do prazo que se estableza para a formalización da matrícula. En caso de non formalizala nese prazo, entenderase que o/a estudante renuncia á praza adxudicada.

A matrícula neste Programa de Formación Específica dará dereito á reserva ou admisión no Programa Universitario para Maiores de 50 anos da Universidade Sénior para o curso 2021/2022 para o alumnado de nova matrícula e de continuación, no caso de se convocar.

ARTIGO 4. MATRÍCULA

1. Procedemento, requisitos, limitacións e documentación

A matrícula realizarase a través dos medios habilitados pola Universidade Sénior dentro dos prazos que se establezan para o programa formativo pola Comisión Académica da Universidade Sénior e que serán feitos públicos coa debida antelación.

Unha vez publicadas as listaxes de persoas admitidas, o alumnado de nova matrícula deberá presentar no prazo establecido a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos, e que deberá conter necesariamente:

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43	
Observacións		Páxina	6/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==			

- **Fotocopia do DNI ou pasaporte.**
- **Unha foto recente** de tamaño carné co nome e apelidos no reverso.
- **Documentación acreditativa de non estar nunha situación laboral activa:** xubilación, prexubilación ou situación asimilada, desemprego ou sen actividade laboral remunerada.

Esta documentación achegarase, preferentemente, por correo electrónico (udc.senior@udc.gal).

Os/as estudantes xa matriculados nun curso na titulación de Graduado Sénior en cursos anteriores non teñen que achegar esta documentación.

Moi importante con carácter xeral para todo o alumnado:

A oferta académica para o curso 2020/2021 é **ÚNICA E TODO O ALUMNADO DEBE MATRICULARSE DO CURSO COMPLETO**, que inclúe materias non presenciais e un ciclo de conferencias. Procurarase que cada estudante poida asistir de xeito presencial a unha conferencia mensual, seguindo as recomendacións institucionais e sanitarias vixentes en cada momento.

2. Normas administrativas

2.1. Anulación de matrícula

A anulación da matrícula deberá solicitarse ata tres días hábiles previos ao comezo do curso académico. De non ser hábil o día en cuestión, a data límite será o seguinte día hábil. A anulación só se concederá por razóns xustificadas que haberán de ser dadas a coñecer á directora do Programa na solicitude e, cando esta o requira, documentalmente acreditadas.

A anulación tamén poderá ser solicitada excepcionalmente fóra dos prazos establecidos por motivos extraordinarios sobrevidos, como o falecemento dun familiar, enfermidade, actividade laboral incompatible ou calquera outra circunstancia que imposibilite ao estudante continuar cursando os estudos. As circunstancias incapacitantes terán que ser documentalmente acreditadas.

En ambos os casos a solicitude será resolta pola directora do Programa á vista dos motivos alegados.

A falta de pagamento do importe total do prezo da matrícula levará á anulación da matrícula realizada. A directora do Programa será quen ordene que se proceda á anulación de matrícula por este motivo.

2.2. Devolucións

Medidas excepcionais ante a Covid-19

Procederáse á devolución de importes pagados en concepto de matrícula no caso do que o/a estudante o solicite a través da presentación dunha solicitude razoada dirixida á directora da Universidade Sénior vía Secretaría do Programa. O prazo para solicitar esta devolución será na segunda semana dende o inicio do curso académico.



Convocatoria de admisión e matrícula no Programa Formativo Específico en Actualidade, Ciencia, Saúde e Vida da Universidade Sénior

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43	
Observacións		Páxina	7/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==			

2.3. Liquidación da matrícula

O Programa realizará o seguimento do proceso de liquidación da matrícula reclamando ás/aos estudantes as cantidades que estean pendentes de aboar mediante unha carta certificada. Finalizado o prazo outorgado, o Programa poñerase en contacto co Servizo de Xestión Académica para que se anulen aquelas matrículas que se atoparen pendentes de ser aboadas.

3. Prezo da matrícula

O prezo da matrícula para o curso académico 2020/2021 é de 125 € (inclúe 10 € de seguro de accidentes).

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43
Observacións		Páxina	8/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==		



**PROGRAMA FORMATIVO ESPECÍFICO EN ACTUALIDADE, CIENCIA, SAÚDE E VIDA DA
UNIVERSIDADE SÉNIOR
CURSO ACADÉMICO 2020-2021**

ANEXO I. CALENDARIO DE MATRÍCULA

OFERTA XERAL:

- ☐ Alumnado de nova matrícula
- ☐ Alumnado de continuación

PREINSCRIPCIÓN

- ☐ Do 22 de xuño ao 5 de xullo

MATRÍCULA

- ☐ Do 7 ao 12 de xullo

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==		



REQUISITOS

- **Idade igual ou superior a 50 anos** (cumpridos a 31 de decembro de 2020)
- **Xubilado/a, prexubilado/a, parado/a ou persoa sen actividade laboral remunerada**

N.º MÁXIMO DE PRAZAS

- Campus da Coruña 400 prazas
 - o 50 de nova matrícula
 - o 350 de continuación
- Campus de Ferrol 200 prazas
 - o 30 de nova matrícula
 - o 170 de continuación

MATRÍCULA

- 125 € (inclúe 10 € de seguro de accidentes)

Código Seguro De Verificación	uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	26/06/2020 21:34:43
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/uLiMgY7cIoDx1ThN1bgo1A==		

